



_Cuida2: Proxecto ApS de Filosofía

Centro educativo e lugar:
Colexio Santa Teresa
Vistahermosa, Alacant

Data de realización:
Curso escolar 2020-2021

Persoa de contacto:
Diana Peirat Mata

Datos de contacto:
dianapeirat@gmail.com

Contexto do centro, nivel educativo e perfil do alumnado:

Somos un centro privado concertado de Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Educación Especial e Apoio á Integración. Contamos con proxecto plurilingüe en castelán, valenciano e inglés. Inspirámonos na pedagogía de Pedro Poveda que:

- Atende á formación da persoa, ao desenvolvemento das súas capacidades e ao descubrimento de Deus na vida.
- Recoñece que cada un é un ser singular e único.
- Mantén viva unha pedagogía da proximidade, inspirada no amor que se expresa a través do afecto, o recoñecemento, a acollida, o estímulo e o compromiso.

- Asume como estilo educativo a comunicación, o diálogo e a participación.
- Une ao coñecemento da ciencia, o coñecemento e a experiencia da fe.

O centro está situado nunha zona residencial da periferia da cidade de Alacant.

Breve deScrición da experiencia

En que consistiu?



„Cuidad2 é un proxecto de ApS en contexto Covid para formarse en igualdade e prevención de violencias machistas e converterse en concienciadores da comunidade educativa e a sociedade en xeral mediante a elaboración dunha banda deseñada, a preparación de charlas en liña e o impacto nas redes sociais.

Trátase dunha proposta metodolóxica integrada na programación da materia de Filosofía que desenvolvo desde hai catro cursos co grupo de I.º de Bacharelato, coa fin de fomentar o seu compromiso social e liderado como axentes multiplicadores, desde a análise da realidade, a reflexión e a formación. Así, o alumnado realiza accións de sensibilización co resto da comunidade educativa e na contorna sobre a necesidade social traballada cada curso con InteRed (prevención de violencias machistas, igualdade de xénero, soberanía alimentaria, consumo responsable, entre outras) impulsando as campañas da ONGD.

Que me propuña?

Con „Cuida2 buscaba traballar na liña da educación transformadora para a cidadanía global, no marco da campaña proposta por InteRed “Toca igualdade” e dentro da materia de Filosofía de I.º de Bacharelato.

Obxectivos xerais:

- Sensibilizar sobre a igualdade de xénero e a prevención de violencias machistas.
- Reflexionar sobre conceptos como a moral, a ética, a xustiza, os dereitos, a dignidade e a liberdade a través da aprendizaxe de contidos para o proxecto.



- Mellorar as habilidades e capacidades individuais pónndoas ao servizo doutros.
- Comprometer o alumnado e participar activamente durante todo o proceso.

Obxectivo do servizo:

- Proporcionar un apoio real e útil ao centro no proceso de concienciación e transformación do alumnado.
- Cubrir a necesidade de implicación da mocidade comprometida con problemáticas da contorna social da que forman parte.

Que e Como o fixemos?

Nun principio, InteRed presentou a súa campaña “Toca igualdade” e, a partir de aí, iniciamos unha reflexión sobre como podíamos desenvolver un ApS na situación actual. O alumnado propuxo os diferentes medios para chegar á sociedade e comezamos a formar os grupos de traballo. Durante a 2.ª avaliación dedicamos varias sesións á formación nos contidos teóricos e a deseñar os proxectos. Durante a 3.ª avaliación puxémolos en marcha.

Que logros conseguiamos?

Houbo unha reflexión moi positiva na propia clase, creándose moitos debates sobre os temas propostos.

O profesorado foise animando a participar, malia que ese ano, coa conxuntura de pandemia custou máis. Desde Lingua e Literatura colaboramos para o 8M.

Desde a Concellaría de Igualdade do concello de Alacant contactaron connosco para interesarse polo proxecto e colaborar. O equipo do Concello visitou o centro e o alumnado explicoulle o proxecto e, a final de curso, un grupo acudiu ás instalacións da Concellaría de Igualdade para realizar unha entrevista á Concelleira que despois utilizaron para o seu podcast de avaliación do proxecto.



Que elementos da estrutura escolar e do contexto pensas que foron un apoio ou un freo para conseguir os logros?

A situación de pandemia foi tanto un problema como unha oportunidade. O problema é que o servizo non pode ser tan directo e se perde esa parte persoal. A oportunidade é que, a través da tecnoloxía, desenvolveron ferramentas moi potentes e con moito impacto.

Que aprendizaxes e retos extraio?

O alumnado é quen de se converter nun axente dinamizador e transformador da sociedade cando está implicado na súa aprendizaxe.

Como retos, pensamos en colaborar con máis entidades da contorna.

Persoas ou organizacións que participaron na preparación e execución da experiencia

A comunidade educativa:

- A área de Pastoral coa que se colabora na dinamización da semana solidaria.
- Outras materias que ofrecen asesoramento e apoio na elaboración do proxecto.
- A ANPA do colexio, á que se quere ofrecer tamén o proxecto de formación e concienciación.
- A Concellaría de Igualdade do concello de Alacant, que nos ofreceu materiais para a dinamización das primeiras sesións.
- InteRed, que nos axuda na construción do proxecto e a súa difusión.

Recursos ou materiais de apoio/referencia

Materiais de InteRed e da Concellaría de Igualdade
Vídeo de InteRed sobre a metodoloxía de ApS cunha ollada de coidados <https://www.youtube.com/watch?v=7luGpRIIOM0>